

Como consecuencia da Orde do 25 de xaneiro de 2022, polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia, modificamos algún punto do Proxecto Educativo no que fai referencia a avaliación e promoción do alumnado.

AVALIACIÓN

1. A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grado de adquisición de competencias e do logro dos obxectivos da etapa para os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en conta, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

PROMOCIÓN

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto de etapa, e como consecuencia do proceso sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos será automática.
2. O alumnado que acade a promoción de curso con alguna área con cualificación negativa recibirá os apios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzamento para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oída as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzamento, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade

Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto de etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzón que se deben prever no ciclo seguinte.
6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA NO CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ (FRIOL)

Unha vez levado a cabo a reunión de coordinación pedagóxica de educación primaria e trala aprobación do claustro de profesores, así quedan os criterios de promoción do noso centro educativo.

. Os alumnos de Educación Primaria poden promocionar o curso e a etapa seguinte como máximo con dúas materias avaliadas negativamente, sempre e cando unha das dúas non sexa das áreas instrumentais e, por suposto, sempre e cando se esgotaran todas as medidas previas levadas a cabo e cun carácter extraordinario.

. Cando a avaliación fose positiva en todas as áreas ou o alumno permanecese un ano máis no curso ou etapa promocionará ao curso ou etapa seguinte.

. No caso de que o alumno non obtivese avaliación positiva nalgún área, os profesores decidirán sobre a promoción tendo en conta as seguintes regras:

1. Alumnos con unha asignatura avaliada negativamente, promocionarán o curso ou etapa seguinte.

2. Alumnos con tres áreas do curso avaliadas negativamente e que non estén repetindo curso, non promocionarán ao curso ou etapa seguinte.
3. A decisión de promoción ou non dun alumno con dúas áreas do curso avaliadas negativamente e que non estén repetindo curso dependerá de qué áreas estén avaliadas negativamente. Se son dúas áreas instrumentais, o alumno non promociona e si son dúas áreas non instrumentais, o alumno si promociona.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO NO CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ (FRIOL)

Seguindo a orde de 25 de Xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia, o claustro do profesorado do CPI Dr.López Suárez de Friol aproba os seguintes criterios de promoción e titulación, consensuados previamente na reunión da comisión de coordinación pedagóxica, no caso do ensino secundario obrigatorio:

Artigo 8, punto 2 da orde – Promoción con máis de 2 materias suspensas

Cumpríndose as condicións establecidas na orde, o equipo docente decidirá sobre a promoción por consenso e tendo en conta as medidas aplicadas durante o curso e que se recollen no Plan de Atención á Diversidade de 8 de Setembro de 2021 (alumnado neae, con materias pendentes, que permanece un ano máis no curso e alumnado con adaptación curricular).

Estas medidas foron postas en coñecemento do profesorado titor e estase a facer o pertinente seguemento nas correspondentes sesións de avaliación.

Para chegar a este consenso e no que se refire á avaliación cualitativa, tomarase en conta a nota das competencias. Esta nota será calculada usando os ítems que reflicten o peso das materias nas distintas competencias e

poderá ser axustada na sesión de avaliación, segundo o criterio do equipo docente.

De non chegar a consenso, a decisión tomarase mediante votación, que se resolverá por maioría simple e na que deberá emitir o seu voto todo o profesorado que forme parte do equipo docente de cada curso. De producirse un empate, sería o voto do/da titor/a o que resolvería o mesmo.

Artigo 10, punto 2 da orde – Titulación ESO

Cumpríndose as condicións establecidas na orde, o equipo docente decidirá sobre a titulación, cando houbera materias suspensas, por consenso e tendo en conta as medidas aplicadas durante o curso e que se recollen no Plan de Atención á Diversidade de 8 de Setembro de 2021 (alumnado neae, con materias pendentes, que permanece un ano máis no curso ou con adaptación curricular).

Estas medidas foron postas en coñecemento do profesorado titor e estase a facer o pertinente seguemento nas correspondentes sesións de avaliación.

Para chegar a este consenso e no que se refire á avaliación cualitativa, tomarase en conta a nota das competencias. Esta nota será calculada usando os ítems que reflicten o peso das materias nas distintas competencias e poderá ser axustada na sesión de avaliación, segundo o criterio do equipo docente.

De non chegar a consenso, a decisión tomarase mediante votación, que se resolverá por maioría simple e na que deberá emitir o seu voto todo o profesorado que forme parte do equipo docente do 4º curso. De producirse un empate, sería o voto do/da titor/a o que resolvería o mesmo.

Matrícula de honra. Se o alumnado que cumpre os requisitos superara o máximo fixado, decidiríase pola nota media de todas as materias de 4º de ESO. De persistir o empate, o equipo docente tomaría a decisión por votación, sendo as condicións desta as mesmas que para a promoción e a titulación.